

OBRADOIRO DE CALIGRAFÍA JAPONESA
a cargo de **Aoi Yamaguchi**

Xoves 8 de xuño

Das 12 ás 14 h e das 16 ás 18 h.
Espazo 14

Dirixido a estudantes de grao, master e doutoramento da Facultade



Esta actividade se complementa coa **DEMOSTRACIÓN/CONCERTO** que terá lugar o **venres 9 ás 20:30 h** na **Basílica de Sta. María a Maior de Pontevedra** en colaboración cos músicos de **Vertixe Sonora Ensemble** e a videoartista **Masako Hattori**.

Durante este taller práctico, aprenderanse e practicarán os aspectos e habilidades básicas da caligrafía xaponesa "Shodo", a través do proceso de caligrafía meditativa atopando o equilibrio entre a mente e corpo.

Trataranse cuestións básicas: como soste e controlar o pincel, a postura correcta, o coidado de ferramentas e materiais, chegar a coñecer papel xaponés e as tintas *sumi*. A partir de aquí farase unha introdución ás técnicas de escritura de caligrafía fundamentais, a fermosa e formal letra regular *Kaisho* ou a escritura semi-cursiva *Gyosho* usando caracteres *Kanji* xaponeses seleccionados dependendo dos graos de habilidade. Os alumnos practicarán e farán as súas propias ilustracións de caligrafía en *hanshi*-papel de caligrafía.

Non se necesita experiencia previa. Proverase ao alumnado con follas e materiais de caligrafía orixinais. As clases impartiranse en inglés. Non é necesario estar familiarizado co idioma xaponés.

AOI YAMAGUCHI, calígrafa

Natural de Hokkaido, en Xapón, Aoi Yamaguchi foi instruída para dominar a arte da caligrafía co Mestre Zuiho Sato desde os 6 anos. Recibiu numerosos galardóns, incluídos primeiros premios do Ministerio de Educación na *44th Asahi Calligraphy Nationwide School Exhibit*, e na *33rd National Students Calligraphy Exhibition*. Foi seleccionada no ano 2000 para representar a Xapón en China en sesións de intercambio de caligrafía.

Os traballos de Yamaguchi exploran a xuxtaposición dos clásicos orientais tradicionais e as expresións artísticas contemporáneas. Tamén transforman a arte bidimensional da caligrafía xaponesa en expresión artística física a través da performance. Colaborou con compañías de danza contemporánea, modelos, percusionistas de Taiko xaponés, etc. Tamén participou en proxectos que integran a caligrafía en producións visuais en directo para festivais de música. Actualmente reside en Berkeley, California, onde desenvolve as súas propias instalacións de caligrafía conceptual, exposicións, performances, deseño de logotipos personalizados e traballos para encargos no ámbito internacional. En todas as facetas da súa carreira persegue a integración de formas de arte tradicionais con estéticas modernas.

Dirixido a estudantes de grao, master e doutoramento da Facultade

Número máximo de prazas: 10

Solicitudes na Secretaría do Decanato ata o mércores ás 14 h.
As prazas adxudicaranse por orde de solicitude